

## INSCRICIÓN DE ASOCIADO

### A. DATOS PERSOAIS

NOME \_\_\_\_\_

DATA DE NACEMENTO \_\_\_\_\_ E-MAIL \_\_\_\_\_

DOMICILIO \_\_\_\_\_

NÚMERO DE IRMÁNS/ÁS \_\_\_\_\_ COLEXIO \_\_\_\_\_ CURSO \_\_\_\_\_

TELEFONO/S DE CONTACTO \_\_\_\_\_

### B. AUTORIZACIÓN

D/Dña \_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_

como pai/nai/titor de \_\_\_\_\_,

**AUTORIZO** a participar como asociado ás actividades organizadas polo Grupo Scout Ahadi, pertencente á Asociación Diocesana de Escutismo de Santiago de Compostela, Scouts de Galicia-ECG, Movemento Scout Católico.

Así mesmo, pola presente **DECLARO** que:

1. Renuncio das accións de calquera tipo que me puideran corresponder polos eventuais sucesos que ocorran, sempre e cando non medie negligencia manifesta dos responsables do grupo e estes estean debidamente acreditados como tales pola A.D.E. de Santiago de Compostela, Scouts de Galicia-ECG.
2. Coñezo e entendo os obxectivos e a liña educativa emanada da asociación e, polo tanto, asumo facilitar a asistencia regular do rapaz/a ás actividades organizadas polo grupo Scout Ahadi, salvo causas excepcionais e sen empregar a súa asistencia como premio ou castigo.
3. Doume por enterado da obriga do abono da cota do grupo, no que irá incluído un seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

A adxuntar coa Inscripción:

- ☐ **Ficha Sanitaria.**
- ☐ **Informe Médico.**
- ☐ **Fotocopia da Tarxeta Sanitaria.**

Asinado en \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_

### C. POLÍTICA ECONÓMICA

1. O Grupo Scout Ahadi é unha entidade sen ánimo de lucro. Todo o capital do mesmo vai directa ou indirectamente destinado á labor educativa levada a cabo no seo do Grupo.
2. Os responsables non perciben salario ningún. Debido ó seu carácter voluntario, non fan ningunha aportación económica, pero si do seu tempo e dedicación. O Grupo Scout Ahadi comprométese a correr cos gastos derivados da labor educativa levada a cabo polos seus responsables e apoiar a súa formación.
3. Os Scouts pertencentes ó Grupo, pertencen tamén á Asociación Diocesana de Escutismo de Santiago de Compostela, a Scouts de Galicia-ECG, ó Movemento Scout Católico e á Organización Mundial do Movemento Scout. Esta pertenza asegura que o método, obxectivos e programa que leva a cabo o Grupo está de acordo cos principios universais recollidos na Lei e na Promesa Scout. O estado de membro corre con obrigas económicas que veñen incluídas nas cotas do grupo.
4. O Comité de Pais poderá ofrecer recomendacións de modificación da política económica.
5. Devolucións. Por defecto, non se devolven cartos en efectivo.
6. O Grupo Scout ten como principios, facer accesibles a súa labor a todo neno, nena, mozo ou moza que estea interesado, independentemente do poder adquisitivo da súa familia. Ante a petición dunha familia, as acampadas e actividades serán subvencionadas total ou parcialmente sen reembolso.

### D. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do disposto na *Lei Orgánica 15/1999, de 13 de Decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal*, lle informamos que os seus datos persoais quedarán incorporados e serán tratados nos ficheiros de *Federación Scouts de Galicia - Escutismo Católico Galego*, con DNI/NIF Q1500317A, coa fin de manter as relacións pertinentes para o correcto desenvolvemento das actividades propias da *Asociación Diocesana de Escutismo de Santiago de Compostela*. Informámoslle da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos de carácter persoal, solicitándoo por escrito neste mesmo documento o na seguinte dirección postal: *Rúa Altamira, 2 A – 15704, Santiago de Compostela (A Coruña)*

### E. CESIÓN DEREITOS DE IMAXE

- ☐ Expresamente **autorizo** ao Grupo Scout Ahadi á **toma de fotografías** e vídeos do meu fillo/a durante a realización das actividades.
- ☐ Expresamente **autorizo** ao Grupo Scout Ahadi á **utilización da imaxe persoal** (en carteles, folletos, redes sociais e outros soportes) do meu fillo/a, resultante das fotografías e vídeos realizados durante as súas actividades, con finalidade promocional non comercial, sen que a autorización se someta a ningún prazo temporal nin se restrinja ao ámbito nacional de ningún país.

### F. PAGO DE COTAS

Os asociados deberán aboar unha cota de **30 euros mensuais** ó longo dos dez meses da xeira. Esta cota cubre tódalas actividades do grupo scout (semanais, saídas, campamentos...) e o seguro. Os pagos realízanse **entre o día 25 e o 10** do mes seguinte.

Seleccione a forma de pago:

- ☐ **Efectivo.**
- ☐ **Ingreso na conta do grupo:** (NOVAGALICIA BANCO) 2080-0716-76-3000038961
- ☐ **Transferencia bancaria:** á conta arriba mencionada.
- ☐ **Domiciliación bancaria:** (carga duns 50 céntimos por cada recibo)

¿Solicita beca? Si / Non